



Wenceslao Fernández Flórez, s/n
Tels. 981 613 196
981 613 128
Fax 981 613 169
E-mail: adl@cambre.org
15660 CAMBRE
A Coruña (España)



SISTEMA DE PROTECCIÓN POR CESE DE ACTIVIDADE TRABALLADORES/AS AUTÓNOMOS/AS MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

◆ Normativa

Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cese da actividade das persoas traballadoras autónomas (**BOE nº 190 de 6 de agosto de 2010**).

Real decreto 1541/2011, do 31 de outubro, pola que se desenvolve a Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cese da actividade das persoas traballadoras autónomas (**BOE nº 263 de 1 de novembro de 2011**).

◆ Persoas beneficiarias

- Traballadores/as autónomos/as a título individual ou integrantes dunha sociedade civil, comunidades de bens, cooperativas e sociedades laborais, incluíndo quen integra o réxime especial agrario e o do mar, que **cumpran os seguintes requisitos**:

- Estar afiliados, en situación de alta e **cobertas as contingencias profesionais** á data de peche da actividade.
- Ter cuberto o período mínimo de cotización de 12 meses de forma ininterrompida e inmediatamente anterior ao peche da actividade.
- Solicitar a baixa do réxime de autónomos por algunha das seguintes causas (o que se denomina **situación legal de cese da actividade**):
 - Pola concorrencia de **motivos económicos, técnicos, produtos ou organizativos** determinantes da inviabilidade de proseguir a actividade económica ou profesional. No caso dun establecemento aberto ao público, esixirase o peche deste durante a percepción da prestación. Entenderase que existen estes motivos cando conorra algunha das seguintes causas:
 - Unhas perdas derivadas do exercicio da súa actividade, nun ano completo, superiores ao 30% dos ingresos, ou superiores ao 20%, en dous anos consecutivos e completos. En ningún caso, o primeiro ano de inicio da actividade computará a estes efectos.
 - Unhas execucións xudiciais tendentes ao cobro de débedas recoñecidas polos órganos xudiciais que comporten, ao menos, o 40% dos ingresos da actividade do/a traballador/a autónomo correspondentes ao exercicio económico inmediatamente anterior.
 - A declaración xudicial de concurso que impida continuar coa actividade.
 - Pola **causa de forza maior**, determinante do cese temporal e definitivo da actividade económica o profesional, entendida como unha forza superior a todo control e previsión, allea á persoa autónoma ou empresaria, e que quede fóra da súa esfera de control, debida a acontecementos de carácter extraordinario que non puideran preverse ou que, previstos, non se puideran ter evitado.



Wenceslao Fernández Flórez, s/n
Tels. 981 613 196
981 613 128
Fax 981 613 169
E-mail: adl@cambre.org
15660 CAMBRE
A Coruña (España)



- Pola **perda da licenza administrativa**, sempre que constituía un requisito para o exercicio da actividade económica ou profesional e non veña motivada por incumprimentos contractuais ou pola comisión de infraccións, faltas administrativas ou delitos imputables á persoa solicitante.
- A **violencia de xénero** determinante do cese temporal ou definitivo da actividade da traballadora autónoma.
- Por **divorcio ou acordo de separación matrimonial xudicial**, nos supostos no que a persoa autónoma divorciada ou separada exercea funcións de axuda familiar no negocio do seu ex-cónxuxe.
- No caso dos/as **traballadores/as economicamente dependentes**, ademais, entenderase cando se extinga o contrato suscrito co cliente do que dependan economicamente nos seguintes supostos:
 - Pola terminación da duración convida no contrato ou conclusión da obra ou servizo.
 - Polo incumprimento contractual grave do cliente, debidamente acreditado.
 - Pola rescisión da relación contractual adoptada por causa xustificada ou inxustificada polo cliente.
 - Pola morte, incapacidade ou xubilación do cliente, sempre que impida a continuación da actividade.

◆ **Acción protectora**

- A **duración da prestación** estará en función da cotización efectuada, en función da seguinte táboa:

Período de cotización Meses	Período da protección Meses
De 12 a 17	2
De 18 a 23	3
De 24 a 29	4
De 30 a 35	5
De 36 a 42	6
De 43 a 47	8
De 48 en diante	12

- A **base reguladora** será a **media** pola que se cotizara durante os **12 meses continuados e inmediatamente** anteriores ao peche.
- A **contía da prestación** durante todo o período de disfrute será do **70 % da base reguladora**, con límites máximos e mínimos en función de que a persoa solicitante teña ou non fillos/as ao seu cargo.
- Poderase optar polo cobro conxunto da prestación sempre que se teña pendente de percibir 6 meses como mínimo, cando a persoa acredite ante o órgano xestor que vai realizar unha actividade profesional como traballador/a autónomo/a ou socio dunha cooperativa ou



Wenceslao Fernández Flórez, s/n
Tels. 981 613 196
981 613 128
Fax 981 613 169
E-mail: adl@cambre.org
15660 CAMBRE
A Coruña (España)



sociedade laboral. Deberá iniciar a actividade nun prazo máximo dun mes desde que percibiu a prestación.

◆ **Solicitud de prestación**

- Debera solicitarse ante a mesma mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da seguridade social coa que se teña cubertos os accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- O recoñecemento da prestación poderá solicitarse ata o último día do mes seguinte ao que se tivo lugar o cese da actividade. Transcurrido este prazo, descontarase do período de percepción os días que medien entre a data na que debería ter solicitado a prestación e a data real da solicitude.
- A persoa autónoma que tivera percibido a prestación podería volver a solicitar un novo recoñecemento sempre que concorran os demais requisitos legais e tiveran transcurridos, polo menos, 18 meses dende o recoñecemento da última prestación.